

I CAMPUS DO OUTONO 2014

Proxecto ideado por Luis Díaz Díaz para o OF

Datas: 6, 7 e 8 de decembro 2014

Días 6 e 7

Obradoiros de Julián Barón, Eloi Gimeno e André Cepeda.
Centro Cultural Marcos Valcárcel (Ourense)

Día 8

Xornada de traballo [2 mesas redondas, presentación de libro e proxección]
Galería PhotoArt (Ourense)

O **I Campus do Outono** é o programa de formación oficial do festival Outono Fotográfico 2014.

Nace coa intención de poñer a disposición dos profesionais e amadores da fotografía unha oferta de formación en cultura visual innovadora propiciando ao mesmo tempo o encontro e o intercambio de recursos e información entre os e as participantes no Campus a través de actividades comúns.

Esta primeira edición conta con 3 convidados, que ofrecerán senllos obradoiros en Ourense durante os días 6 e 7 de decembro de 2014. **O prezo de matrícula para cada un dos obradoiros é de 120 euros.**

Conta tamén con 9 convidados na xornada de traballo | debate do día 8.

Para máis **información e inscricións nos obradoiros:** campusdeoutono@gmail.com

1. OBRADOIROS: días 6 e 7 de decembro

Lugar: **Centro Cultural Marcos Valcárcel**, r/ Progreso, 30. Ourense



JULIÁN BARÓN (Castellón, 1978)

Formado en Enxeñería Industrial, traballou como responsábel de enxeñería e calidade nunha fábrica de sinalización de estradas. Na actualidade adicase á fotografía como director de Blank Paper Escuela Online.

En novembro de 2011 publica o seu primeiro fotolibro C.E.N.S.U.R.A., un traballo que reflexiona sobre a política e os políticos no noso tempo. Foi seleccionado como un dos dez mellores libros do ano 2011 por Photoeye, nominado Photobook Award de Kassel en Alemaña e Mención de Honor Photobook Award Aperture-ParisPhoto 2012. En xuño 2013 autopublica HUMINT, un dossier de espionaxe industrial realizado para unha compañía China de azulexos, sobre as novas tendencias nunha Feira Internacional de Azulexos en España. En abril de 2014, no marco da exposición 1+1=12 Encuentros de fotografía contemporánea, crea, xunto a Jon Cazenave, HORIZON, un espazo transformado en laboratorio de investigación. En xuño de 2014 presenta o seu último traballo, TAUROMAQUIA, onde se re-significan as imaxes existentes, reflexionando en torno ao espectáculo do noso tempo no que estamos mergullados.

OBRADOIRO “A EXPANSIÓN DA IMAXE”

“Fai algúns anos naceu unha máquina, gloria da nosa época, que día tras día constitúe pasmo para o noso pensamento e terror para os nosos ollos. Antes de que pasara un século será esta máquina o pincel, a paleta, as cores, a destreza, a axilidade, a experiencia, a paciencia, a precisión, a tintura, o modelo, o cumprimento, o extracto da pintura... Que non se pense que a daguerrotipia mata á arte... Cando a daguerrotipia, criatura colosal, creza, cando toda a súa arte e toda a súa forza se teñan desenvolvido, entón colleraa subitamente o xenio pola caluga e berrará moi alto: Ven aquí!, pertécesme! Agora traballaremos xuntos”

Antoine Wiertz, 1855

Este obradoiro ten a intención de proporcionar a posibilidade de mergullarse nos procesos de pensamento, creación e conciencia que a práctica fotográfica require na súa relación coa realidade actual e a súa achaga ao coñecemento. A fotografía debe ser comprendida como unha ferramenta de enlace entre ciencia, cultura, tecnoloxía e vida. Un mecanismo con poder integrador de disciplinas, saberes e experiencias. Desde esta perspectiva, estimularase aos e ás participantes para establecer un vencellamento coa fotografía de carácter independente e cimentado nos seus propios intereses e preocupacións, coa intención de servir como introducción ao desenvolvemento de estratexias a través das diferentes fases do proceso creativo para contextualizar, construír e dar visibilidade aos seus proxectos.

ELOI GIMENO (Barcelona, 1982)

Graduado en Deseño pola escola ELISAVA de Barcelona y a TAIK de Helsinki, especializado en tipografía, identidade corporativa e deseño editorial. Máster en fotografía por BLANK PAPER Escola Madrid.

En 2010 autopublicou o libro «H E L L S I N K I» premiado con dous Laus e votado por Photo-eye como un dos mellores libros do ano. A partir de 2010 en adiante estivo traballando en proxectos de identidade (BLANK PAPER) e editoriais xunto con fotógrafos como Antonio Xoubanova (Casa de Campo), Julián Barón (Dossier Humint, Tauromaquia, Los últimos días vistos del Rey), Óscar Monzón (KARMA), Fosi Vegue (XY XX), David Hornillos (Mediodía)...

O seu último traballo como autor é «Libro», un traballo para a exposición «Fotolibros aquí y ahora» de Fotocolectania; xunto con Horacio Fernández, Jon Uriarte e Cristina de Middel.

OBRADOIRO “PROBLEMA-SOLUCIÓN / SOLUCIÓN-PROBLEMA”

«Proxectar é fácil cando se sabe como facelo. Todo resulta sinxelo cando se sabe o que hai que facer para chegar á solución de algún problema e os problemas que se presentan na vida son infinitos: Problemas sinxelos que parecen difíciles porque non se coñecen e problemas que parecen imposibles de resolver. Se se aprende a afrontar pequenos problemas máis tarde será posible resolver os problemas máis grandes.»

(Bruno Munari, Como nacen los objetos)

Este obradoiro ten a intención de compartir co alumnado os procesos que permiten a Eloi desenvolver o seu traballo como deseñador. A través do estudio da historia da arte e a vida cotiá, analizaranse problemas comúns e tratarase de ofrecer solucións desde os nosos procesos de percepción: recepción de estímulos, identificación e interpretación. Dun modo holístico estudiaranse as ferramentas das que dispoñemos para criar e así prantexar unha serie de exercicios prácticos para que poidan ser aplicados no proceso de traballo de cada alumno/a.

ANDRÉ CEPEDA (Coimbra, 1976)

Formado como fotógrafo en l' École des Art d'Ixelles de Bruselas. Traballou como técnico de laboratorio no departamento de dixitalización do arquivo fotográfico no Centro Portugués de Fotografía do Porto e ten colaborado na organización dos Encontros de Fotografía de Coimbra.

Comeza a expoñer regularmente no ano 1999 grazas a unha beca da residencia no Espace Photographique Contretype de Bruselas. Desde entón leva a cabo distintos encargos para institucións e expón o seu traballo en museos e galerías por todo o mundo. A súa obra está presente en diferentes coleccións públicas e privadas.

No ano 2007 é seleccionado para o premio EDP Jóvenes Artistas, no 2010, para o premio BESPhoto e no 2011 é nomeado para o Paul Huf Award polo Foam Photographic Museum de Amsterdam.

Vive e traballa no Porto onde dirixe desde o ano 2005 o Blues Photography Studio. Alí produce traballos para fotógrafos, institucións e galerías. No 2008 funda Inc. Livros de Autor, tamén no Porto, unha librería especializada en libros de Arte.

Publicou 3 libros co seu traballo: *Ontem* (Le caillou bleu, 2010), *Rien* (Pierre von Kleist, 2012) e *Luz Sussurrada* (autoeditado, 2013).

OBRADOIRO "PROJECTO-VISIONADO"

O obradoiro está dirixido a fotógrafos e fotógrafas que estean desenvolvendo actualmente un proxecto fotográfico.

Na introdución teórica ao obradoiro, André Cepeda falará dos diferentes proxectos que desenvolveu nos últimos anos con institucións portuguesas, artistas, músicos, cineastas... así como do xeito de traballar día a día no seu estudio, mesturando a tradición da fotografía analóxica coas novas técnicas dixitais.

Na parte práctica, discutirá cos alumnos as diversas formas de editar os seus proxectos fotográficos e as súas posibilidades de produción e distribución en formato de exposición e libro. Por tanto, pídeselle aos e ás participantes que traian unha pre-selección de fotografías impresas en papel conectadas cunha idea na que estean traballando.

2. XORNADA DE TRABALLO / DEBATE: día 8 de decembro

Lugar: **Galería PhotoArt**, Av. Buenos Aires, 79. OURENSE

Mesa 1: identidade / alteridade

Relatores: **Xosé Manuel Buxán, Luis D. Díaz, Sabela L. Pato, Xosé Carlos Sierra**
e **Natalia G. Devesa**

Moderada por **Vítor Nieves**

Presentación a cargo de **Manuel Sendón** do libro **Mil Ríos** do que é autor xunto a **Fran Herbelo**

Mesa 2: Pertinencia dos festivais de fotografía

Relatores: **Ângela Ferreira, Olmo González, Manuel Sendón** e **Xosé Lois Vázquez**

Moderada por **Luis Díaz Díaz**

Proxección do documental **MakinOF**

Unha historia do Outono Fotográfico.

Realización: **Alba Vázquez Carpentier**